

É o título do Proxecto co que o CEIP Pío XII se presenta á 15ª edición do Programa Voz Natura para o curso 2011-2012.

O proxecto que xira en torno á reforestación, no marco do Ano Internacional dos Bosques, implicará a todo o centro desde infantil ata primaria, e terá como liña argumental o libro "Wangari e as árbores da Paz. Unha historia Verdadeira" de Wangari Maathai.

O proxecto pretende concienciar ao alumnado da importancia da conservación dos nosos bosques como fonte de riqueza e garantía de futuro así como da importancia das actuacións locais para paliar os problemas globais a partir do coñecemento do noso medio forestal para, a través de distintas actuacións, fomentar a achega respectuosa ao noso medio. Para iso tamén promoveremos o concepto de árbore como símbolo da Paz e de mediación entre conflictos (tal e como Wangari nolo presenta e se utiliza en distintas culturas) e como aglutinador e motivador das actividades realizadas no centro.

INVESTIGAMOS Voz Natura O MEDIOAMBIENTE 5ºC

Miguel Ponte, Gabriel Rial, Manuel Rico, Carlos Rodríguez



As actividades humanas son a principal causa da chuvia ácida. No transcurso das últimas décadas, os seres humanos emitiron tal cantidade de distintas sustancias químicas ao aire que mudaron a composición de gases na atmosfera.

As centrais eléctricas emiten a maior parte do dióxido de xofre e moitos dos óxidos de nitróxeno cando queiman combustibles fósiles, como carbón, para producir a electricidade. Ademáis, os escapes dos automóbiles, camións e autobuses tamén emiten óxido de nitróxeno e dióxido de xofre ao aire. Estes contaminantes producen chuvia ácida.

O quecemento global refírese ao fenómeno do aumento da temperatura media da atmosfera e dos mares.

O quecemento global ven asociado a un cambio climático que pode ter causa no Home ou non. O principal efecto que causa o quecemento global é o efecto invernadoiro. O efecto invernadoiro natural estabiliza o clima da Terra, sen este efecto invernadoiro natural as temperaturas caerían uns 30 °C e a vida, tal como a coñecemos, sería imposible. Para que este efecto se produza, son precisos estos gases de efecto invernadoiro, pero en proporcións adecuadas. O que preocupa aos climatólogos é que unha elevación desa proporción produza un aumento da temperatura debido ao calor atrapado na baixa atmosfera.